
Aspectos Teóricos e Prácticos da Tradución Científico-Técnica (Inglés > Galego), de Carlos Garrido (Associaçom Galega da Língua, 2001)

Estamos perante unha obra de grande actualidade e de indubitable interese, que supón un contributo importante para un mellor coñecemento e difusión da lingua galega, instalándoa de forma teórica e práctica no cada vez máis necesario e útil ámbito da tradución científica. A ninguén se nos escapa a crecente importancia do inglés na sociedade actual e o previsíbel incremento do mesmo nun futuro inmediato, a se comportar, a cada paso máis, como un novo latín ou lingua franca internacional. Isto non o podemos obviar aínda aquelas persoas que estamos a traballar pola normalización da lingua galega e por unha sociedade que a asuma como vehículo natural e propio de comunicación en todos os contextos e usos sociais dentro da Galiza.

Por moi claro que teñamos isto, debemos ser tamén conscientes dos cambios que se están a producir na sociedade actual, tanto galega como europea e mundial. E, en consecuencia, debemos adaptar o noso discurso arredor da lingua ás novas circunstancias do momento e ás tendencias que apuntan para o porvir. Non por nos aferrarmos a vellos esquemas do pasado imos conseguir de forma máis eficaz garantirmos o futuro do galego neste novo milenio que comeza. Todo o contrario, se quixermos que este sobreviva, cumprirá revisarmos estratexias e obxectivos que na actualidade comezan a se nos revelar como inúteis e contraproducentes. Non podemos focar convenientemente os retos que hoxe o galego ten sen termos en conta as novas necesidades e os cambios producidos nunha sociedade que aspiramos a convencer da bondade e utilidade da lingua que nos transmitiron os nosos avós. Mais debe ficar claro que a sociedade en que vivemos non é a mesma que aquela en que estes o fixeron e que, portanto, tampouco é a mesma a situación da lingua nen poden ser as mesmas as receitas para loitarmos pola súa dignificación e normalización de usos.

Nunha sociedade eminentemente rural e cunha economía baseada na produción para o autoconsumo, onde a inmensa maioría tiña o galego como lingua de uso habitual e os medios de comunicación non posuían a capacidade actual de desgaleguización, semellaba totalmente lóxica a aspiración ao monolingüismo e, inclusive, podería ter maior xustificación a aposta por un modelo de galego isolacionista. Mais esa sociedade xa non existe nen semella posíbel que volva a existir. Co español como lingua habitual da xente nova, cada vez máis maioritaria, coa invasión de

meios de comunicación nesa mesma lingua até nos fogares máis afastados da nosa xeografía, e coas nosas cidades e vilas ateigadas de academias privadas para a aprendizaxe do inglés, cuxo coñecemento xa é exixido cada vez máis para o acceso a un posto de traballo dentro da Galiza e se torna imprescindible para unha cualificación profesional de máis proxección, unha nova sociedade se nos está a debuxar canto aos comportamentos lingüísticos, que tamén nos obriga a modificar ou adecuar algúns dos postulados a respeito do noso idioma.

É neste contexto onde gostaríamos de encadrar o comentario da obra de Carlos Garrido Rodrigues e é por isto que a cualificamos de moi oportuna, útil e proveitosa. Se quixermos garantir o futuro do galego, non poderemos mantelo á marxe da nova realidade social e do fenómeno do multilingüismo que se está a estender cada vez máis na sociedade occidental en que estamos inseridos e nun contexto mundial de globalización da economía, que, para ben ou para mal, se está a levar a cabo. Aínda recentemente a Unesco alertaba sobre o perigo de desaparición de moitas linguas no mundo, a incluír entre elas o galego. Para o conxurarmos temos de convencer a sociedade de que é unha lingua “extensa e útil”, como a cualificaron algúns dos nosos máis ilustres devanceiros, e iso conseguírase moito máis facilmente se a presentarmos dentro do seu ámbito natural, como unha variante do sistema lingüístico galego-portugués estendido por todo o mundo e xerado no noso propio territorio. O modelo de lingua que Carlos Garrido vén defendendo, e que tamén está presente nesta obra, camiña nesa dirección, seguindo as pautas normativas da AGAL. Outros tentamos ir por outra vía, na procura dun consenso básico que permitir reorientar o modelo oficial na dirección que consideramos conveniente sen producir fracturas entre os diferentes sectores comprometidos coa causa da lingua e procurando aunar o máximo de vontades posibles para dotarmos o galego dunha norma digna e estábel amplamente aceptada. No fondo, perseguimos un mesmo fin por camiños diferentes. Cal será o máis correcto? Á vista dos acontecementos derivados da proposta de reforma ortográfica de consenso entre os Departamentos universitarios de Filoloxía Galega e o ILG, e se a RAG non rectificara a súa sorprendente decisión nun período máis ou menos curto de tempo, teremos de recoñecer que quen defendemos aquel acordo normativo estábamos equivocados, pois o inmovilismo da institución referida imposibilitaría calquer mudanza e, portanto, talvez deberemos repensar a estratexia a seguirmos. O que algunhas persoas temos claro é que o galego non pode continuar na súa deriva suicida cara ao español e no progresivo distanciamento insensato do tronco común galego-portugués.

Ese galego extenso e útil que Carlos Garrido defende e practica ábrenos as portas ao mundo e permítenos estar presentes no ámbito europeo e internacional sen dependencias do español. Alén diso, a teoría e a práctica da tradución do inglés para galego tamén é unha ferramenta moi útil para nos incorporarmos ao discurso

e á técnica da tradución, cada vez máis necesaria, sen termos de depender da lingua que está a ameazar a propia existencia do galego. Como está a acontecer noutras sociedades en que existe conflito lingüístico, a irremediábel presenza do inglés pódese converter, adecuadamente aproveitada, nunha arma útil para frearmos o proceso de substitución lingüística hoxe en marcha na Galiza. De aí, pois, que novamente insistamos na oportunidade e utilidade desta obra, para alén de ser un instrumento de axuda na mellora da competencia lingüística en ambos os idiomas. Estamos firmemente convencidos de que aínda haberá que continuar a traballar máis por esta vía, pois cantos máis esforzos se fagan na comunicación directa do galego coa que hoxe por hoxe é a lingua máis utilizada nas relacións internacionais, mediante a tradución e por outros medios, máis estaremos a contribuir ao prestixio da nosa lingua e a romper dependencias con aquela que a ameaza.

Para defrontar o tema da tradución científico-técnica do inglés para galego ninguén semella máis competente do que o profesor Carlos Garrido, pois, para alén de doutor en Bioloxía, é licenciado en Tradución e Interpretación, coautor dunha monografía sobre a fauna ibérica de gastrópodes pulmonados nus, tradutor científico do inglés e do alemán (con varios textos de diferentes autores traducidos para galego-portugués), autor do *Dicionário Terminológico Quadrilíngüe de Zoologia dos Invertebrados* (1997) e do *Manual de Galego Científico* (2000), e Profesor Titular de Tradución de Textos Científico-Técnicos na Universidade de Vigo, para a obtención de cuxa praza, segundo o mesmo declara no “Prefácio”, o obrigado Proxecto Docente serviu de base desta nova obra, demostrándose, cando menos por unha vez, a utilidade daquel. Difícil sería, pois, presentar un currículo máis idóneo para poder levar a cabo un labor que exige, por unha parte, coñecimentos científicos e técnicos e, por outra, coñecimentos lingüísticos xerais e dominio das dúas linguas que interveñen no proceso de tradución.

Como o título explicita, o libro contén tanto aspectos teóricos como prácticos da tradución científico-técnica, a se converter dese modo nun importante contributo para unha teoría da tradución para a nosa lingua e ao mesmo tempo nun modelo de consulta e práctica correcta da mesma. Na realidade, teoría e praxe están presentes ao longo de toda a obra, pois constantemente se procura adecuada exemplificación que sirva de apoio ao extenso corpus teórico, que ocupa 255 páxinas das 305 que contén o volume. Dado o bon coñecemento da lingua por parte do autor e o seu modelo de galego depurado de interferencias castelanizantes, a lectura da obra resulta un excelente exercicio de corrección lingüística e unha moi boa oportunidade para avanzarmos na fixación dunhas escollas lexicais que nos insiran acadamente no noso propio sistema lingüístico e nos afasten do modelo españolizador dominante (fixémonos, por exemplo, nos casos expostos na páxina 287: *enlatamento, congelaçom, filetagem, secagem, salga*, etc., frente a *enlatado, congelado, fileteado, secado* ou *salgaçom*). As persoas interesadas pola correspondencia direc-

ta entre estruturas e termos do inglés e do galego, sen a mediación do español, teñen aquí unha importante achega de material de grande utilidade, que permite tanto a mellora da competencia lingüística en galego como en inglés.

Os textos manexados para a tradución nas dúas linguas corresponden aos ramos das Matemáticas, das Ciencias Naturais e da Técnica, hoxe especialmente demandados nas encomendas de tradución debido á enorme importancia que o mundo da ciencia e da tecnoloxía adquiriu na nosa sociedade, en consonancia co que acorre nas do noso contorno. Está suficientemente claro que, se quixermos avanzar decididamente na normalización do galego, deberemos sen dúbida consagrar a súa presenza nestes ámbitos e en moitas ocasións teremos de nos servir da tradución de textos orixinariamente redixidos en inglés. Como moi ben afirma o autor no “Prefacio”, a tradución de textos científicos e técnicos para galego insérese “de pleno dereito na vanguardia do proceso de normalización que tenciona ganhar para esta lingua registros e ámbitos de funcionalidade comunicativa que tradicionalmente lle estivérom vedados”. Sirvan como exemplos disto os manuais de instrucións (p. 93), os folletos de medicamentos (p. 112), os artigos de vulgarización científico-técnica (p. 122) ou de revistas especializadas (p. 133), inclusive os *Abstracts* ou resumos de artigos das mesmas (p. 140), etc.

Segundo xa se indicou, a primeira parte da obra contén os fundamentos teóricos e metodolóxicos da tradución científico-técnica, entanto que unha segunda parte práctica, a se basear na tradución dun texto inglés do campo da pesca industrial (*Fishing Gear and Methods*), mostra a aplicación dos principios e conceptos contidos na primeira. Esta comeza cun capítulo intitulado “Conceito e alcance da tradución científico-técnica” (p. 11), onde se procura esclarecer o contido dos termos que incluí, para seguir co apartado “Natureza e metodoloxía da tradución científico-técnica” (26), que trata de caracterizar os textos científico-técnicos do punto de vista translativo, expón un modelo teórico de tradución científico-técnica e estuda a metodoloxía da mesma. O apartado seguinte, “Caracteres peculiares da tradución científico-técnica para galego” (p. 54), realiza un sintético percurso pola historia do galego para xustificar a situación diglósica en que actualmente se acha, factor que, por súa vez, condiciona o exercicio profesional da tradución, e analiza o cultivo da lingua galega no campo científico-técnico, cos lóxicos problemas a que se debe enfrentar, sobretudo de natureza terminolóxica e fraseolóxica pola inexistencia de modelos textuais e pola escaseza de materiais de consulta especificamente galegos, perante cuxa situación, con bon criterio ao noso entender, o autor propón “o recurso à bibliografía luso-brasileira, que, procedendo às adaptacións que forem oportunas, debe satisfacer a maioría das necesidades de consulta e referenda de que precisa o tradutor científico-técnico para galego” (p. 65).

No extenso apartado que vén a seguir, “As linguas especializadas da Ciéncia e da Técnica em inglés e em galego. Aspectos contrastivos e translativos” (pp. 66-235),

clarifícanse os conceptos de lingua común e de lingua especializada, tratando de analizar a relación entre ambas, realízase unha caracterización da linguaxe científico-técnica e estúdanse as linguas especializadas científico-técnicas inglesa e galega nos seus aspectos contrastivos e translativos, con atención aos niveis cultural, textual, sintagmático-oracional, lexical e para- e extralingüístico. Para alén de todo o contido teórico que encerra, con manexo de fontes bibliográficas acaídas e actualizadas, sobretudo en inglés e alemán, concédeselle atención práctica a cuestións tan relevantes na tradución do inglés para galego como son, por exemplo, os elementos de ligazón interoracional (*sentence links*), a correspondencia entre os diferentes tempos verbais, con especial atención ao futuro de Subxuntivo, á voz pasiva, tan usada en inglés, aos verbos modais, ás formas infinitas (*non-finite verb forms*), todas elas de grande importancia na tradución, sen deixar pasar a relevancia de o galego posuír un infinitivo flexionado que debe ser coidadosamente tido en consideración na tradución, etc.; alén disto, trátanse todas aquelas cuestións relevantes que fan referencia á constitución dos termos especializados en ambas as linguas e ao léxico en xeral: empréstimos e decalques, polisemia, conversión ou habilitación semántica, composición, derivación, abreviación ou braquigrafía, onomatopeia, variantes de nivel de lingua, variantes ‘nacionais’ (Reino Unido / USA, Portugal / Brasil), homonimia, homografía e sinonimia, termos parónimos, equivalencia imperfecta das nocións, falsos amigos (*false friends*), interferencias lingüísticas, etc., todos eles aspectos moi salientábeis tanto para establecermos unha correcta equivalencia entre as linguas (e portanto para unha boa práctica da tradución) como mesmo para fixarmos o léxico científico e técnico dunha lingua que, como o galego, estivo e aínda está suxeita a constantes interferencias que afectan especialmente o seu vocabulario especializado.

Termina a primeira parte sobre os aspectos teóricos da tradución, onde como vimos abundan tamén os exemplos prácticos, cunha reflexión sobre “A profissom do tradutor científico-técnico e as suas ferramentas de traballo” (pp. 236-255), onde se ofrece unha visión panorámica da profisión de tradutor científico-técnico e dos recursos de que se vale para a levar a cabo, tanto non lingüísticos como lingüísticos (dicionarios, enciclopedias, glosarios e vocabularios científico-técnicos, bancos de datos terminolóxicos *on line*, libros de estilo e outras obras de consulta moi úteis para o tradutor).

A segunda parte, moito máis breve (pp. 257-290) e por iso talvez merecente doutro encadramento dentro da obra que reaxustase a súa estrutura externa, tendo en conta tamén que toda ela contén dalgún modo aspectos prácticos, analiza didacticamente os problemas e as estratexias da tradución para galego dun capítulo dun texto inglés sobre a pesca industrial, focaxe baseada na técnica do ‘estudo de caso’ que resulta de evidente valor exemplificador sobre aquilo que en todas as páxinas precedentes se teorizou. Complétase o volume co obrigado capítulo de bibliografía

citada, sen dúbida de grande interese para as persoas interesadas no tema, pois reúne as características de amplitude e actualización que a fan especialmente apta e recomendábel.

En resumo, estamos perante unha obra moi útil tanto para as persoas que no ámbito universitario se moven dentro do campo da tradución como para aquelas que se dedican en xeral á ardua tarefa de traduciren textos, moi especialmente se estes son de carácter científico-técnico e teñen como linguas de partida e de chegada, respectivamente, o inglés e o galego, aínda que a obra contén elementos suficientes como para a faceren interesante para todas as persoas preocupadas polo fenómeno translatoivo. É, pois, un libro moi recomendábel e oportuno nunha disciplina cada vez máis necesaria e importante tamén –ou especialmente– para a lingua galega, tan necesitada aínda de instrumentos e propostas que a fagan máis plenamente operativa e presente no ámbito do contacto entre linguas e de forma moi particular co inglés, idioma en que hoxe se xera o máis importante mercado de textos científico-técnicos que o galego debe traducir directamente se é que non quer ficar á marxe do progreso tecnolóxico e en dependencia cada vez maior da lingua que está a ameazar a súa supervivencia. Esta obra supón un paso adiante nesa dirección e por iso debemos congratularnos da súa aparición.

Xosé Ramón Freixeiro Mato